

Resolución reitoral pola que se convocan bolsas para o estudantado beneficiario ou solicitante de protección internacional, apátrida ou en situación de protección temporal afectado polo conflito de Ucraína, no curso académico 2024/2025.

O alumnado da Universidade de Vigo, de conformidade co establecido no artigo 64.h dos Estatutos da Universidade de Vigo, ten dereito a beneficiarse das distintas axudas e bolsas que a universidade e outras institucións establezan ao seu favor, coa finalidade de que ninguén quede excluído do estudo por razóns económicas.

No ámbito da súa competencia, a Universidade de Vigo desenvolve anualmente programas complementarios de axudas ao alumnado para cubrir necesidades non atendidas ou insuficientemente atendidas polas administracións públicas, encamiñadas a favorecer a igualdade de oportunidades e a excelencia no rendemento académico.

Esta reitoría consciente da situación actual das persoas refuxiadas procedentes de países e zonas en conflito, e consonte aos acordos e recomendacións da CRUE, publica a presente convocatoria que facilitará o acceso de refuxiados e solicitantes de asilo a estudos universitarios, así como a súa integración na nosa contorna mediante a aprendizaxe do castelán e/ou galego.

Unha vez vista a Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, as disposicións aplicables da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e as súas normativas de desenvolvemento.

En virtude das facultades que lle outorgan a Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do sistema universitario e o artigo 72 do Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aprobaron os estatutos desta universidade,

ESTA REITORÍA RESOLVE:

1. Convocar, en réxime de concorrencia competitiva, bolsas para o estudantado beneficiario ou solicitante de protección internacional, apátrida ou en situación de protección temporal afectado polo conflito de Ucraína, que se xestionarán de acordo coas bases reguladoras que figuran no anexo I.
2. Publicar esta convocatoria e as bases que a regulan no taboleiro da sede electrónica sede.uvigo.gal/ e no portal de bolsas da web da Universidade de Vigo.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte de se publicar a presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo namentres non recaia unha resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vigo, na data da sinatura electrónica
O reitor
Por delegación RR de 30/05/2024 (DOG 10/06/2024)
A vicerreitora de Extensión Universitaria
Susana Reboreda Morillo



ANEXO I

BASES QUE REGULAN A CONVOCATORIA DE BOLSAS PARA O ESTUDANTADO SOLICITANTE OU BENEFICIARIO DE PROTECCIÓN INTERNACIONAL, APÁTRIDA OU EN SITUACIÓN DE PROTECCIÓN TEMPORAL AFECTADO POLO CONFLITO DE UCRAÍNA, NO CURSO ACADÉMICO 2024/2025**1. OBXECTO**

Estas bolsas teñen por obxecto facilitar ás persoas en situación de refuxio e indicadas no punto 2.a) das bases da convocatoria a realización de estudos universitarios, preferentemente oficiais, que permitan a súa integración no noso país.

2. REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

Pode solicitar bolsa o estudantado que cumpra os seguintes requisitos:

- a) Ter a condición de apátrida, beneficiario/a de protección internacional, ou ter autorización de estadia por atoparse no período transitorio de adquisición da condición, na data de fin de presentación de solicitudes. Así mesmo están incluídas as persoas en situación de protección temporal outorgada en virtude da Decisión de Execución (UE) 2022/382 do Consello de 4 de marzo de 2022 a persoas afectadas polo conflito de Ucraína que poidan encontrar refuxio en España e pola Orde de 8 de marzo pola que se amplía a protección temporal.
- b) Manifestar o interese de realizar a preinscrición ou estar preinscrito/a en estudos de grao, de mestrado universitario ou doutoramento no curso 2024/2025 en centros propios da Universidade de Vigo ou en centros adscritos de titularidade pública que imparten titulacións non impartidas en centros propios (Enfermaría Ourense, Enfermaría Pontevedra e Enfermaría Meixoeiro), ou nunha titulación propia de especialista da Universidade de Vigo. En todo caso para o inicio dos estudos terán que cumprir o correspondente requisito de acceso establecido.

Titulacións oficiais:

- Grao: <https://www.uvigo.gal/es/estudiar/que-estudiar/estudios-grado>
 - Máster universitario: <https://www.uvigo.gal/es/estudiar/que-estudiar/masters>
 - Doutoramento: <https://www.uvigo.gal/es/estudiar/que-estudiar/doctorado>
 - Títulos propios: <http://eafp.uvigo.gal/gl/campus-aberto/titulos-propios/>
- c) Non posuír título en España en estudos do mesmo nivel para os que se solicita a bolsa.
 - d) Informe sobre a situación socioeconómica da persoa solicitante, emitido pola ONG que xestiona ou xestionou o expediente de protección internacional ou a entrada ao sistema de Acolida e Integración. No caso de non ter unha ONG de referencia pódese achegar un informe socioeconómico da Unidade de Traballo Social do municipio de residencia.
 - e) No caso de continuar estudos e ter desfrutado desta mesma bolsa con anterioridade, deberá ter superado no curso anterior ou no último realizado na universidade:
 - 60% dos créditos matriculados nas titulacións de grao da rama de enxeñaría e ciencias.
 - 70% dos créditos matriculados no resto das titulacións de grao.
 - 80% dos créditos matriculados nas titulacións de máster universitario que habilita para o exercicio profesional.
 - 90% dos créditos matriculados no resto das titulacións de máster universitario.

De xeito excepcional, admitiranse solicitudes que teñan un menor número de créditos superados sempre que se xustifique adecuadamente o motivo (enfermidade, coidado de familiares dependentes enfermos...) e sexa así considerado pola comisión de selección.



Será de aplicación a esta convocatoria o establecido na convocatoria xeral de bolsas do MEFP relativo ao excepcional aproveitamento académico.

Dadas as especiais características destas bolsas e o interese humanitario das mesmas poderá obterse a condición de beneficiario destas bolsas aínda que non se cumpran os requisitos establecidos no artigo 13.2 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións.

3. INCOMPATIBILIDADES

As bolsas establecidas nesta convocatoria son incompatibles con calquera outra subvención da mesma natureza e para a mesma finalidade.

O importe das bolsas en ningún caso poderá ser de tal contía que de xeito illado ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o coste da actividade subvencionada segundo establece o artigo 19.3 da *Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións*.

4. DOTACIÓN, CONTÍA E PAGAMENTO

1. Os fondos destinados a esta bolsa cun importe máximo de 20.766 € irán con cargo á aplicación orzamentaria

- 2024 00BE 121D 482.10 e o importe máximo do crédito orzamentario retido ascende a 19.766,00 €
- 2025 00BE 121D 482.10 por un importe máximo de 1.000 €

para o que se achega o correspondente certificado de existencia de crédito.

No caso de existir crédito dispoñible nas condicións establecidas no artigo 30.2 do Decreto 11/2009 polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, poderase ampliar o crédito da presente convocatoria. O incremento do crédito queda condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito e, no seu caso, á previa aprobación da modificación orzamentaria que proceda. A ampliación de crédito deberá ser publicada no rexistro electrónico e no Portal de bolsas da web da Universidade de Vigo, sen que tal publicación implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio dun novo cómputo de prazo para resolver.

2. A contía individual máxima da bolsa será de 3.000 € por persoa e inclúe:

- Os prezos públicos por servizos académicos e administrativos correspondentes á matrícula agás o seguro escolar que, de ser o caso, deberá ser aboado polo/a estudante.
- Unha contía económica máxima de 2.000 € para todo o curso académico en concepto de axuda para gastos derivados da actividade académica. A contía máxima percibirase pola matrícula de curso académico completo (60 ECTS e o curso académico completo no doutoramento), diminuíndo proporcionalmente en función dos créditos nos que se realice a matrícula.
- Un curso de galego dos impartidos pola Área de Normalización Lingüística ou castelán no Centro de Linguas da Universidade de Vigo a realizar durante o curso académico 2024/2025.

No caso de estudantes da titulación propia de especialista, esta contía estará suxeita a retención do IRPF que establece a normativa vixente na materia.

3. O pagamento da contía económica efectuarase unha vez comprobado que as persoas beneficiarias están matriculadas no curso 2024/2025, mediante transferencia á conta bancaria indicada polo/a alumno/a na súa solicitude e da que deberá ser titular. Así mesmo poderá realizarse o abono da axuda mediante o procedemento de pago en formalización para aqueles/as estudantes que teñan importes de matrícula pendentes de aboar.



Con respecto ao curso de español trátase dunha axuda en especie cuxa contratación someterase á Lei de contratos do sector público segundo establece a disposición quinta da Lei xeral de subvencións.

5. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

1. As persoas solicitantes deberán cubrir o formulario en liña no seguinte enlace https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/formularios/encuesta/cubrir_paso1/13589 e presentalo de xeito presencial nos rexistros da Universidade de Vigo, na sede electrónica, ou por calquera dos medios establecidos na Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O modelo específico de presentación de solicitudes é de uso obrigatorio para os interesados neste procedemento (art. 66.6 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas).

De xeito excepcional para este procedemento, unicamente as persoas de **nacionalidade extracomunitaria**, poderán usar medios de acceso á sede electrónica alternativos, para o cal deberán iniciar o procedemento enviando un correo electrónico a estranxeiros@uvigo.gal antes de presentar a súa solicitude e con antelación suficiente ao día de peche do prazo de presentación.

2. O prazo de presentación das solicitudes comezará o día seguinte a publicarse esta convocatoria e rematará o **31 de xullo** de 2024 ás 23:59 horas (hora peninsular española). A presentación fóra de prazo suporá a non admisión a trámite da solicitude.

3. Así mesmo, deberán subir a seguinte documentación ao formulario en liña:

- a) Documento acreditativo da condición de beneficiario/a de protección internacional ou solicitante vixente no momento da solicitude (tarxeta branca ou tarxeta vermella).
- b) Curriculum vitae con acreditación dos méritos alegados.
- c) Documentación acreditativa das circunstancias alegadas para avaliar a situación de vulnerabilidade familiar.
- d) Anexo II: Informe sobre a situación socioeconómica da persoa solicitante, emitido pola ONG que xestiona ou xestionou o expediente de protección internacional ou a entrada ao sistema de Acolida e Integración. No caso de non ter unha ONG de referencia pódese achegar un informe socioeconómico da Unidade de Traballo Social do municipio de residencia.

O estudiantado que continúa estudos deberán presentar os documentos sinalados nos apartados a) e d).

Tamén se lles poderá requirir que acheguen outra documentación que resulte necesaria para avaliar correctamente os requisitos e méritos alegados.

6. SELECCIÓN E RESOLUCIÓN

A Sección de Axudas e Bolsas, logo de rematar o prazo de presentación de solicitudes e unha vez examinadas estas e a documentación presentada, publicará a **listaxe provisoria de solicitudes admitidas e excluídas, coa mención da causa de exclusión**.

As persoas interesadas disporán dun **prazo de dez días hábiles contados** desde o día seguinte á publicación para emendar os erros, a falta de documentación e as causas de exclusión. Para tal fin, presentarán o formulario de alegacións na secretaría virtual da universidade, ou por calquera dos medios establecidos na Lei 39/2015, dirixido ao Servizo de Axudas ao Estudo, Bolsas e Prezos Públicos. De non presentar emenda entenderase que desiste da súa solicitude previa resolución



ditada conforme á Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A selección será efectuada pola comisión de avaliación ata o esgotamento do crédito orzamentario cos seguintes criterios:

1º) As persoas que continúen estudos de acordo coa seguinte puntuación:

- a) Condición de apátrida ou estatuto de protección internacional: 2 puntos
- b) Cursar titulación oficial: 1 punto

2º) As persoas que inician estudos segundo a seguinte puntuación, mantendo a prioridade do estudantado con condición de apátrida ou estatuto de protección internacional:

- a) Situación económica da unidade familiar avaliada en función da renda per cápita: ata 4 puntos
- b) Vulnerabilidade familiar (teranse en conta situacións como discapacidade, enfermidade ou accidente grave, desemprego, existencia de cargas familiares...): ata 3 puntos
- c) Entrevista persoal que versará sobre a motivación para os estudos, traxectoria académica, experiencia profesional...): ata 3 puntos
- d) Cursar titulación oficial: 1 punto

En ningún caso poderá obter bolsa unha persoa solicitante que obteña menos de 2 puntos no apartado de situación económica.

A comisión de avaliación está composta por:

- Presidenta: Susana Rebores Morillo, vicerreitora de Extensión Universitaria
- Vogais: Rosa Graña Costas, xefa do Servizo de Bolsas e Prezos Públicos
Henar Quintas Salgado, directora da Área de Equidade e Diversidade

Se, por calquera causa, no momento en que a comisión avaliadora teña que examinar as solicitudes, algún/algúnha dos/das compoñentes non pode asistir, substituirase pola persoa que para o efecto se nomee mediante resolución reitoral.

Unha vez que a comisión efectúe a selección, a Sección de Axudas e Bolsas publicará a **listaxe provisoria de persoas con bolsa concedida, denegada coa mención da causa de denegación e a listaxe de agarda para o caso de existiren renuncias**.

As persoas interesadas poderán presentar as alegacións no prazo de **cinco días hábiles**, contados desde o día seguinte á publicación. Para tal fin presentarán o formulario de alegacións na secretaría virtual da Universidade de Vigo ou por calquera dos medios establecidos na Lei 39/2015, dirixido ao Servizo de Axudas ao Estudo, Bolsas e Prezos Públicos.

Unha vez que a comisión revise as alegacións, enviaralle a proposta á vicerreitora de Extensión Universitaria quen adxudicará as bolsas mediante a correspondente resolución.

As persoas interesadas poderán entender desestimadas as solicitudes de non se ditar unha resolución expresa no prazo de 3 meses contados desde o día seguinte ao do remate do prazo de presentación de solicitudes.

A resolución conterá a **listaxe definitiva de persoas con bolsa concedida e a súa contía, as persoas con bolsa denegada e a causa de denegación, e a listaxe de agarda para o caso de existiren renuncias**.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses que comezará a contar desde día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.



As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á súa publicación, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

As listaxes ás que se refire este punto así como a resolución de adjudicación publicaranse no taboleiro da sede electrónica sede.uvigo.gal/ e no portal de bolsas da web da universidade, cos efectos de notificación previstos no artigo 45 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

As comunicacións individuais oportunas realizaranse no enderezo electrónico sinalado na solicitude, sen que estas teñan a consideración de notificación.

7. RENUNCIA

A renuncia voluntaria deberá realizarse mediante un escrito presentado na sede electrónica da Universidade de Vigo (sede.uvigo.gal) dirixido á Sección de Axudas e Bolsas, xunto co xustificante de reintegro da contía correspondente no caso de terse efectuado o pagamento. As renuncias aceptadas darán lugar á perda dos dereitos económicos e a concesión da bolsa a seguinte persoa da listaxe de agarda.

8. OBRIGAS

A persoa beneficiaria deberá:

1. Matricularse no curso 2024/2025 antes do 15 de novembro de 2024 nalgunha titulación de grao, mestrado universitario, doutoramento, ou propia de especialista da Universidade de Vigo. A obtención do título queda condicionada ao mantemento da permanencia legal no país.
2. Participar de xeito presencial nas actividades académicas ao longo de todo o curso, a realización das probas e exames das materias nas que se atopan inscritas e a participación responsable nas demais actividades orientadas a completar a súa formación. A vicerreitoría de Extensión Universitaria poderá solicitar os informes que considere oportunos para a determinación do cumprimento das obrigas establecidas neste apartado.
3. Entregar unha memoria sobre a experiencia persoal e académica, no prazo dunha semana dende que remata o curso.
4. No caso dos solicitantes de asilo deberán comunicar a admisión ou inadmisión a trámite da solicitude en canto a reciban.

Ademais o/a beneficiario/a debe cumprir as obrigas recollidas no artigo 14.1 da Lei 38/2013 de 17 de novembro, xeral de subvencións, que lle sexan de aplicación.

9. REINTEGRO DAS BOLSAS E PERDA DO DEREITO AO COBRO TOTAL OU PARCIAL

Son causas de reintegro e perda do dereito ao cobro destas bolsas:

1. Non cumprir os requisitos e as obrigas recollidas na convocatoria.
2. Ocultar datos, alteralos ou manipular a información solicitada.
3. Incurrir nalgunha das causas de incompatibilidade establecidas nesta convocatoria.

A persoa beneficiaria que incorra nalgunha destas causas está obrigada a reintegrarlle á universidade a cantidade indebidamente percibida.



10. TRANSPARENCIA

1. De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Universidade de Vigo publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas, así como as sancións que puideren impoñerse, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Universidade de Vigo, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei. Porén, non será necesaria a publicación cando o órgano concedente xulgue que se dan as previsións do artigo 15.2.d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

11. PROTECCIÓN DE DATOS

Información sobre a política de protección de datos en [https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-11/Texto %20proteccion datos para CONVOCATORIAS bolsas.pdf](https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-11/Texto_%20proteccion%20datos%20para%20CONVOCATORIAS%20bolsas.pdf)



ANEXO II

INFORME SOBRE AS AXUDAS ECONÓMICAS PERCIBIDAS

Informe que emite a entidade encargada da atención en España da persoa solicitante de axudas ao estudo para persoas refuxiadas, solicitantes de protección Internacional así como aquelas en situación de protección temporal da Universidade de Vigo en relación con outras axudas económicas percibidas por esta:

ENTIDADE:	
Dirección:	
Teléfono:	
Correo electrónico:	
Nome e cargo da persoa que asina o informe:	

DATOS PERSOAIS de/da solicitante de Axudas ao estudo para persoas refuxiadas da Universidade de Vigo.	
NIE/N.º Pasaporte:	Nome:
Apellidos:	Data de nacemento:
Nacionalidade:	Sexo:

Situación legal administrativa - marque unha opción			
Solicitante de Protección Internacional		Persoa Refuxiada/Protección Subsidiaria	Razóns humanitarias
Solicitante de Apátrida		Apátrida	Protección Temporal
Outros:			

¿A persoa solicitante de axudas ao estudo para persoas refuxiadas da Universidade de Vigo recibe algún tipo de axuda?			
Si	Non	<i>En caso afirmativo cubra a seguinte táboa.</i>	

Axudas percibidas na data deste informe: <i>marque cun X a axuda ou axudas que percibe</i>	Importe	Período: data de inicio e data de fin
Axudas de subsistencia para cubrir as necesidades básicas das persoas que non residan nun centro de migracións		
Axudas de peto para persoas que residan nun dispositivo de acollida		
Axudas para facilitar a autonomía á saída dos centros		



Axudas a persoas que residan ou non nun centro de migracións			
Axudas destinadas a persoas beneficiarias de protección Internacional en España			
Outras axudas:			

Outras observacións (cargas familiares, discapacidade, outras vulnerabilidades):

Sinatura, data e selo da entidade

Para as persoas refuxiadas ou solicitantes de protección internacional e apátridas acollidas polo Estado español en Galicia, este informe deberá ser emitido e avalado por algunha das seguintes entidades encargadas da atención a estas persoas:

- **Asociación Provienda:** C/ Sanjurjo Badia, 103 Entresuelo Derecha 36207 Vigo (Pontevedra) 986 519 106
- **Diaconía:** Oficina P.I. (Sede Lugo) Rúa Alcalde Ramiro Rueda 8-10 entreplanta, 27297, Lugo.
- **Asociación Diversidades (Red Acoge):** Rúa García Barbón 36, Oficina 1 36201 Vigo Teléfono 886 117 990. Correo info@diversidades.org
- **Movimiento por la Paz, e. Desarme y la Libertad:** Rúa Lisboa, 2, Local15707 Santiago de Compostela – Galicia Tel: 981 801 622 E-mail: s.fernandez@mpdl.org
- **Cruz Roja:** CALLE PADRE GAITE, 5 CP:36002 Pontevedra, Teléfono:986852115pontevedra@cruzroja.es
- **ACCEM:** Dirección: Rúa do Conde de Torrecedeira, 74, Baixo Dereita, 36202 Vigo, Pontevedra Teléfono: 886 90 67 98
- **ONG Ecos do Sur:** Sede Ecos do Sur: avenida de Fisterra, nº 109, baixo, 15004 A Coruña. Tfno: 881 965 692 - consultas@ecosdosur.org

